

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Marzo 2008

### NOTA DE PRENSA

**En marzo de 2008 e en termos interanuais os prezos dos bens importados e exportados en Galicia creceron un 0,7% e un 1,5%, respectivamente**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 1,5% en marzo de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 0,7%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 2% e dos importados un 7,2%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do 4,8%, do 3,8% para os bens de equipo e do -0,9% para os de consumo.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo mantivéronse estables con respecto a marzo de 2007 mentres que os prezos dos bens intermedios crecen un 6%. Pola súa parte, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 28,7%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>1,5</b>	<b>2,0</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>0,7</b>	<b>7,2</b>
Bens de consumo	-0,9	1,4	Bens de consumo	0,0	-0,2
Bens de equipo	3,8	1,1	Bens de equipo	-28,7	-24,1
Bens intermedios	4,8	2,7	Bens intermedios	6,0	14,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, hai un incremento interanual do 1,2% nos prezos de bens con destino a OCDE e dun 2,2% para os bens con destino ao resto de países non pertencentes á OCDE.

Por orixe dos bens importados, o maior crecemento de prezos (3,5%) rexistrárono os bens procedentes de países da UE-25, pola contra, os bens con orixe en países non pertencentes á OCDE diminuíron os prezos un -2,6%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	0,6	1,7	UEM	3,4	4,1
UE-25	0,4	1,6	UE-25	3,5	4,0
OCDE	1,2	2,0	OCDE	1,9	6,2
Resto de países	2,2	0,2	Resto de países	-2,6	9,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.isp?paxina=006006001&idioma=gl>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>